

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 6830/2024.**

**RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO ÁS 17:00 HORAS DO 01 DE ABRIL DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT ADMINISTRATIVO (SX1.0/004) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SISTEMA DE OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.**

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 23 de decembro de 2024 Núm. 295, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 18 de decembro de 2024, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 30 de decembro de 2024, DOG Núm. 250, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2022).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 07 de xaneiro de 2025, Núm. 6, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) funcionario de carreira na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de marzo de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro exercicio.

Os membros do Tribunal proceden á corrección do segundo exercicio dos aspirantes presentados en atención á base xeral 10.

Vista a base xeral 10, que sinala: “(...)Segundo exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. O segundo exercicio consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da prazas que se convoca en atención ás funcións determinadas na RPT para o posto co que se correlaciona a praza convocada, e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun suposto ou supostos concretos que respondan ás funcións ou tarefas da praza que se convoca en relación co posto de traballo co que se atopa correlacionada. Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal. . O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de dúas (2) horas. Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes. .A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos. Quedará eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos. O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante. Este exercicio versará sobre o temario: partes primeira, segunda, terceira e cuarta...”

As puntuacións deste segundo exercicio son as seguintes:

| N.º DE CONTROL | PUNTUACIÓN |
|----------------|------------|
|----------------|------------|



## Concello de Viveiro

|     |       |
|-----|-------|
| 001 | 10,00 |
| 002 | 7,55  |
| 003 | 6,70  |
| 004 | 6,45  |
| 006 | 4,4   |
| 007 | 7,60  |

**COMUNÍCASE** aos aspirantes que se procederá á apertura das tarxetas de control identificativas de cada aspirante, correspondentes a este segundo exercicio, o **xoves día 03 de abril de 2025 ás 10:00 horas** en acto público no Salón de Plenos do Concello sito na Praza Maior, Nº1 Viveiro.

Os aspirantes disporán dun prazo de alegacións aos resultados deste segundo exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación deste resultado no taboleiro de anuncios dixital. Realizándose a publicación o mércores 02 de abril de 2025, o prazo de alegacións comprenderá os días 03 e 04 de abril de 2025.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

A Secretaria,

Dña . María Nieves Leitao Cora

María Luz Balsa Rábade

Os/as vogais,

Dña. Natalia Mirón Domínguez

D. Antonio Pernas Pérez

Dña. M.<sup>a</sup> Carmen Riveira Martínez

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

